



**Universidade
de Vigo**
Campus
de Vigo

Licenciatura en DEREITO ECONÓMICO- EMPRESARIAL

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

LICENCIATURA EN DEREITO ECONÓMICO-EMPRESARIAL

A Licenciatura en Dereito, rama Económico-Empresarial, xorde no ano 1995 como titulación orientada a atender a demanda social de titulados especializados na prevención e resolución de problemas xurídicos, así como na xestión empresarial. O seu obxectivo é ofrecer unha licenciatura en Dereito en que os alumnos, ademais de obter coñecementos xurídicos, adquiren unha sólida formación económica e empresarial que os converta en especialmente aptos para ocupar a cota de mercado constituída polo dereito da empresa. Por iso, esta titulación proporciónalle ao xurista unha formación integral, que completa os coñecementos de dereito cos de economía e de xestión de empresas, o que o dota da capacidade necesaria para a análise, interpretación, e resolución de todo tipo de conflitos e vicisitudes xurídicas e empresariais.

ESTRUTURA

Estes estudos son de 1º e 2º ciclo, con tres cursos e dous cursos respectivamente, polo que en total dura 5 anos. Ten unha carga lectiva de 340 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

Son incompatibles as materias establecidas nunha prelación secuencial determinada por números romanos sucesivos. Para poder cursar estas materias é necesario superar todas as materias de igual denominación e número inferior.

MERCADO DE TRABALLO

Exercicio libre da profesión

Letrados de empresa, banca, asesoría xurídica e fiscal...

Administración pública

- Administración estatal: xudicatura, fiscalía, notaría e rexistros da propiedade e mercantil, inspector de finanzas do Estado, inspector de Facenda, inspector de traballo, letrado da Seguridade Social, técnico da Administración Central.

- Administración autonómica

- Administración local: interventores e tesoureiros, letrados de administracións locais, secretarios de concellos e letrados dos servizos de asistencia social.

-Docencia pública e privada.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU.
- Todas as opcións do bacharelato LOXSE.

PASARELAS

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder directamente a:

- Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural.

Desde o 1º ciclo desta titulación pódese acceder, mediante a realización duns complementos de formación, a:

- Licenciatura en Ciencias Actuariais e Financeiras.

- 2º ciclo de Ciencias Políticas e da Administración.

- Licenciatura en Investigación e Técnicas do Mercado.

PRIMEIRO CICLO

Primeiro curso

| Disciplinas | Tipo | Créditos |
|---------------------------------------|------|----------|
| Dereito romano I | T | 6 |
| Historia do dereito I | T | 6 |
| Dereito constitucional I | T | 7 |
| Teoría do dereito | T | 4 |
| Economía política e facenda pública I | T | 6 |
| Contabilidade financeira | O | 9 |
| Macroeconomía | O | 8 |
| Informática I | O | 6 |
| Introdución aos sistemas xurídicos | O | 4.5 |
| Técnicas de análise económica | O | 5 |
| Libre elección | LE | 6 |

Segundo curso

| Disciplinas | Tipo | Créditos |
|---|------|----------|
| Dereito constitucional II | T | 7 |
| Dereito penal I | T | 7 |
| Dereito civil I | T | 7 |
| Dereito internacional público | T | 7 |
| Historia económica contemporánea | O | 4.5 |
| Economía española | O | 6 |
| Informática | O | 4.5 |
| Microeconomía | O | 8 |
| Organización e administración de empresas | O | 5.5 |
| Libre elección | LE | 6 |

Terceiro curso

| Disciplinas | Tipo | Créditos |
|---------------------------------------|------|----------|
| Dereito penal II | T | 7 |
| Dereito civil II | T | 7 |
| Dereito administrativo I | T | 7 |
| Dereito procesual I | T | 4 |
| Dereito comunitario | T | 6 |
| Dirección comercial | O | 4.5 |
| Matemáticas de operacións financeiras | O | 4.5 |
| Dirección de recursos humanos | O | 4.5 |
| Sistema fiscal español | O | 6 |
| Libre elección | LE | 7.5 |

SEGUNDO CICLO

Cuarto curso

| Disciplinas | Tipo | Créditos |
|---------------------------------|------|----------|
| Dereito administrativo II | T | 7 |
| Dereito financeiro e tributario | T | 7 |
| Dereito mercantil I | T | 7 |
| Dereito do traballo | T | 7 |
| Dereito procesual II | T | 5 |
| Prácticum I | T | 7 |
| Finanzas internacionais | O | 6 |
| Análise dos estados financeiros | O | 5 |
| Dirección estratéxica | O | 8 |
| Teoría civil | O | 5 |
| Política monetaria | O | 6 |
| Libre elección | LE | 8 |

Quinto curso

| Disciplinas | Tipo | Créditos |
|---|------|----------|
| Dereito civil III | T | 7 |
| Dereito financeiro e tributario II | T | 7 |
| Dereito internacional privado | T | 7 |
| Dereito mercantil II | T | 7 |
| Dereito eclesiástico do estado | T | 4 |
| Dereito procesual III | T | 5 |
| Filosofía do dereito | T | 4 |
| Prácticum II | T | 7 |
| Contabilidade de sociedades | O | 7 |
| Comercio internacional | O | 6 |
| Sistema fiscal español II | O | 6 |
| Optativas xerais do 2º ciclo (unha materia) | OX | 5 |
| Libre elección | LE | 7 |

Outórganse un máximo de 78 créditos obrigatorios, optativos e/ou de libre elección por: Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

- T** Troncal **OX** Optativa xeral
O Obrigatoria **LE** Libre elección
OP Optativa obligatoria

Ficha

| | |
|-----------------------|---|
| Titulación | Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial |
| Centro | Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo |
| Ensinanzas | Primeiro e segundo ciclo |
| Nº de anos académicos | 5 |
| Curso de implantación | 94/95 |
| Data do B.O.E. | 11/07/94 |

Créditos totais

| | | | | | |
|----------|--------------|-----------|---------------|------------------|--------|
| Troncais | Obrigatorios | Optativos | Libre config. | Trab. fin. carr. | Totais |
| 176 | 129.5 | 5 | 34.5 | Non | 345 |

Información

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
Campus de Vigo. As Lagoas, Marcosende
36310 Vigo
Tfno: 986 814 010 Fax: 986 814 011
Correo electrónico: sdfdev@uvigo.es
<http://webs.uvigo.es/cienciasxuridicasedotraballo>

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles
Campus de Vigo
36310 Vigo (Pontevedra)
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639
Correo electrónico: siope@uvigo.es
www.uvigo.es